

**PREGUNTA DE AER SOBRE O SERVIZO DE ALUGUEIRO DE EQUIPOS DE RADIOCOMUNICACIÓN PARA A POLICÍA LOCAL.** (Rex. Entrada 27.03.2019, 2019-E-RPLN-9)

PLENO 28 MARZO 2019. ACTA 04/2019

*Vista a relación de facturas ás que temos acceso a través do Xestiona, a finais do ano pasado chamounos a atención unha serie de facturas polo alugueiro de equipos electrónicos destinados á Policía Local. Ditas facturas repetíanse mensualmente. Solicitamos varias veces por rexistro copia das facturas así como copia do contrato, en caso de existir. As facturas tardamos catro meses en obtelas. Por contra, en ningún momento se nos contestou á solicitude feita sobre o contrato. O pasado día 14 de marzo volvemos solicitar copia de ese contrato, que non sabemos se existe, por medio doutro rexistro que se dirixiu a Alcaldía, Interior, Policía Local e a Arturo González.*

**Como seguimos sen obter resposta, preguntámoslle ao concelleiro responsable:**

***Vistas as facturas emitidas pola empresa "Radiospectrum" polo servizo de alugueiro de "walkie talkies" para a Policía Local, podería dicirnos vostede se existe un contrato con esta empresa?***

*Resposta: O concelleiro González Barbeiro resposta que non atopan o contrato, é un servizo de aluguer repititivo, non ten constancia do contrato, non o ten no seu poder.*